

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3609 *Corrección de erros e erratas do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.*

Advertidos erros e erratas no Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 65, do 16 de marzo de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 12, artigo 7, punto un, na redacción dada ao número 1 do artigo 166 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, primeira e segunda liñas, onde di: «...a idade a que se refire o artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima...», debe dicir: «...a idade a que se refire o artigo 161.1.a) e a disposición transitoria vixésima...».

Na páxina 12, artigo 7, punto un, a táboa de idades para o acceso á xubilación parcial incluída no primeiro parágrafo do artigo 166.2.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e que consta ao final da páxina, debe substituírse pola seguinte:

Ano do feito causante	Idade exixida segundo períodos cotizados no momento do feito causante		Idade exixida con 33 anos cotizados no momento do feito causante
2013	61 e 1 mes	33 anos e 3 meses ou máis	61 e 2 meses
2014	61 e 2 meses	33 anos e 6 meses ou máis	61 e 4 meses
2015	61 e 3 meses	33 anos e 9 meses ou máis	61 e 6 meses
2016	61 e 4 meses	34 anos ou máis	61 e 8 meses
2017	61 e 5 meses	34 anos e 3 meses ou máis	61 e 10 meses
2018	61 e 6 meses	34 anos e 6 meses ou máis	62 anos
2019	61 e 8 meses	34 anos e 9 meses ou máis	62 e 4 meses
2020	61 e 10 meses	35 anos ou máis	62 e 8 meses
2021	62 anos	35 anos e 3 meses ou máis	63 anos
2022	62 e 2 meses	35 anos e 6 meses ou máis	63 e 4 meses
2023	62 e 4 meses	35 anos e 9 meses ou máis	63 e 8 meses
2024	62 e 6 meses	36 anos ou máis	64 anos
2025	62 e 8 meses	36 anos e 3 meses ou máis	64 e 4 meses
2026	62 e 10 meses	36 anos e 6 meses ou máis	64 e 8 meses
2027 e seguintes	63 anos	36 anos e 9 meses	65 anos

Na páxina 13, artigo 7, punto un, na redacción dada ao primeiro parágrafo da alínea f) do artigo 166.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na terceira e cuarta liñas, onde di: «...a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima», debe dicir: «...a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1.a) e a disposición transitoria vixésima».

Na páxina 13, artigo 7, punto un, na redacción dada ao segundo parágrafo da alínea f) do artigo 166.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na cuarta e quinta liñas, onde di: «...a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1.a) e na disposición transitoria vixésima», debe

dicir: «...a idade de xubilación a que se refire o artigo 161.1.a) e a disposición transitoria vixésima».

Na páxina 16, artigo 10, na redacción dada á disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, número 1.b), segundo parágrafo, sexta liña, onde di: «...no tres anos anteriores ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo», debe dicir: «...nos tres anos anteriores, co límite do 27 de abril de 2011, ou no ano posterior ao comezo do procedemento de despedimento colectivo».

Na páxina 19, disposición adicional primeira, na cuarta liña, onde di: «...á entrada en vigor desta lei...», debe dicir: «...á entrada en vigor deste real decreto lei...».

Na páxina 22, disposición adicional quinta, na última liña, onde di: «...capítulo primeiro deste decreto lei», debe dicir: «...capítulo I deste real decreto lei».

Na páxina 23, na disposición adicional novena, na quinta liña, onde di: «..., introducido pola...», debe dicir: «..., introducida pola...».

Na páxina 24, na disposición derradeira primeira, punto dous, na redacción dada ao artigo 229 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, no último parágrafo, onde di: «Para tal fin, a entidade xestora poderá suspender o aboamento das prestacións...», debe dicir: «A entidade xestora poderá suspender o aboamento das prestacións...».

Na páxina 24, na disposición derradeira primeira, punto tres, na redacción dada ao número 6 da disposición adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, onde di: «Malia o indicado nos números precedentes, o disposto no artigo 166.3 e...», debe dicir: «Malia o indicado nos números precedentes, o disposto no artigo 163.3, no que se refire á redución do 0,50 por 100 prevista no seu segundo inciso, e...».

Na páxina 26, na disposición derradeira cuarta, na redacción dada á regra 4ª do número 1 da disposición adicional primeira do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, segunda liña, onde di: «...da cotización que se deberá ingresar para este convenio especial...», debe dicir: «...da cotización que se deberá ingresar por este convenio especial...».

Na páxina 31, na disposición derradeira sétima, punto cinco, na redacción dada ao artigo 5.2.b) do Real decreto 1484/2012, do 29 de outubro, sobre as achegas económicas que deben realizar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos, onde di: «..., así como a porcentaxe media destes sobre os ingresos.», debe dicir: «..., así como a porcentaxe media dos beneficios sobre os ingresos.».